



A prostitución no primeiro franquismo (1939-1956): unha moralidade que controlar e redimir.



Traballo de Fin de Grao

Autora: Jennifer Carracedo Prados

Titor: Margarita Barral Martínez

Departamento de Historia Contemporánea

Grao en Historia

Curso 2022 - 2023

Índice

Introdución	4
1. Marco teórico	5
2. Estado da cuestión.....	6
3. Da abolición á reglamentación (1935-1941).....	8
3.1. A prostitución na Segunda República.....	8
3.2. O rol da prostituta na Guerra Civil e o inmediato franquismo.	9
4. Percepción social da prostituta: un concepto flexible	12
4.1. O modelo: boa <i>versus</i> mala muller.....	12
4.2. A construción dunha base científica	14
5. No burdel e na clandestinidade	15
5.1. Motivacións.....	15
5.2. Tres esferas: pública, privada e clandestina	16
6. <i>Patronato de Protección a la Mujer</i>	18
6.1. Persoal: as ordes relixiosas femininas.	20
6.2. Internamento	21
6.3. Saída e reinserción.	22
6.4. Memorias e informes de moralidade.	24
7. Órganos represivos: as cárceres.	24
7.1. Cárceres convencionais femininas.	24
7.2. Prisións especiais.	26
8. Embarazo.....	27
8.1. Maternidade.....	27
8.2. Aborto e métodos anticonceptivos.	28
9. 1956: Un cambio de rumbo.....	29
Conclusións.....	30
Bibliografía.	32
Anexo	36

Resumo: Tras a Guerra Civil española, o Decreto abolicionista de 1935 foi suprimido para voltar á regulamentación da prostitución. A este respecto, o réxime franquista creou un discurso amparado pola Igrexa e mais a ciencia, que consistía nunha “dobre moral”, na que a prostituta era considerada un mal necesario, pois representaba a inmoralidade da “mala muller”, pero ao mesmo tempo salvagardaba a virxitude feminina fronte á suposta natureza hipersexualizada dos homes. Ademais, ao marxe da prostitución pública e privada, había un sector que a exercía na clandestinidade, duramente perseguida por evitar o burdel e dos controis sanitarios. Esta situación lexitimaba a ollos do réxime a creación dunha serie de institucións destinadas a correxir a moral das mulleres que estaban dentro do mercado sexual, así como para impedir a súa inserción no mesmo: o *Patronato de Protección a la Mujer* e as cárceres especiais para as chamadas mulleres caídas.

Palabras chave: prostitución, franquismo, regulamentación, *Patronato de Protección a la Mujer*, prisións especiais.

Resumen: Tras la Guerra Civil Española, se suprime el Decreto abolicionista de 1935 para volver a la regulación de la prostitución. En este sentido, el franquismo creó un discurso amparado por la Iglesia y por la ciencia, que consistía en una “doble moral”, en la que la prostituta era considerada un mal necesario, porque representaba la inmoralidad de la “mala mujer”, pero al mismo tiempo salvaguardaba la virginidad femenina frente a la supuesta naturaleza hipersexualizada de los hombres. Además, al margen de la prostitución pública y privada, había un sector que la ejercía clandestinamente, duramente perseguido por evitar el burdel y los controles sanitarios. Esta situación legitimó a los ojos del régimen para crear una serie de instituciones destinadas a corregir la moral de las mujeres que se encontraban en el mercado sexual, así como para impedir su inserción en el mismo: el *Patronato de Protección a la Mujer* y las prisiones especiales para las llamadas mujeres caídas.

Palabras clave: prostitución, franquismo, regulamentación, *Patronato de Protección a la Mujer*, prisiones especiais.

Summary: After the Spanish Civil War, the abolitionist Decree of 1935 was abolished to return to the regulation of prostitution. In this sense, francoism created a discourse protected by the Church and science, which consisted of a "double standard", in which the prostitute was considered a necessary evil, because it represented the immorality of the "bad woman", but at the same time it safeguarded female virginity against the supposedly hypersexualized nature of men. In addition, apart from public and private prostitution, there was a sector that exercised it clandestinely, harshly persecuted for avoiding the brothel and health controls. This situation legitimized in the eyes of the regime to create a series of institutions aimed at correcting the morals of women who were in the sex market, as well as to prevent their insertion in it: the *Patronato de Protección a la Mujer*, and special prisons for so-called fallen women.

Key words: prostitution, francoism, regulation, *Patronato de Protección a la Mujer*, special prisons.

Introdución

Durante o franquismo a muller tivo que facer fronte á limitación das súas liberdades persoais como consecuencia da implantación dun réxime ditatorial, mais tamén sufriu a represión propia do seu xénero en diversos ámbitos da vida pública e privada. A súa beleza e moralidade, medidas en base a un cánon afin aos principios do réxime de Franco, determinaron a súa consideración social e as súas posibilidades económicas e de futuro. Foron principalmente as prostitutas as que sufriron as consecuencias últimas da marxinação porque nelas recaían todos os atributos dos que unha muller debía carecer. Polo tanto, o réxime tiña por misión exercer o control total sobre elas e “reeducalas, para o que se serviu de de diversos mecanismos e sectores sociais que lle prestaron axuda.

A elección deste tema, encadrado na liña temática de Historia de Xénero na Idade Contemporánea, responde a que as prostitutas foron ao longo da historia unhas das grandes esquecidas como suxeitos en si mesmas, para ser tratadas na marxinalidade ou en relación ás enfermidades de transmisión sexual. As súas vivencias deberían ser recuperadas na medida do posible, e máis no caso do período franquista, cando se deron varios mecanismos de represión que permiten rastrexar ata que punto foron desprestixiadas, estigmatizadas e cousificadas económica e socialmente.

Por esta razón, o obxectivo principal do presente traballo consiste en profundizar nas motivacións e condicións das que o réxime dotou á actividade prostitucional no marco da legalidade para que exerceran aínda sendo consideradas as prostitutas “caídas” moralmente. Derivado deste *status* legal, resulta de gran interese investigar en última instancia o funcionamento dos diversos mecanismos que o rodean para controlar a prostitución, así como as consecuencias económicas, xudiciais e sociais que atravesan as propias prostitutas.

A abordaxe metodolóxica consistiu no tratamento bibliográfico coa finalidade de observar os antecedentes do estado da prostitución, que implica entender o cambio dun Decreto abolicionista republicano á legalización no primeiro franquismo, co traspaso dunha guerra de por medio na que o burdel comeza a formar parte de novo da vida pública.

A continuación, é precisa a caracterización do ideal de muller reforzado pola Igrexa, que leva á estigmatización da prostituta como a encarnación da “mala muller”, axudada polo discurso médico. Así mesmo, tras coñecer as diferentes modalidades e escenarios de prostitución xunto coas súas vivencias, profundízase na análise do Patronato de Protección á Muller e os seus centros, ademais das diferentes prisións polas que pasan as prostitutas condenadas redimirse ante os ollos dos franquistas. Finalmente, preséntase a maternidade, un estado á que moitas se viron dobremente enfrentadas: ben porque habitualmente era consecuencia de practicar a prostitución, ou ben porque o feito de quedar embarazadas de solteiras era motivo suficiente para ser consideradas moralmente reprochables.

1. Marco teórico

A temática prostitucional na España contemporánea non é un tratamento novidoso nos estudos históricos, tendo en conta a monografía de Rodríguez Solís de finais da centuria decimonónica (Escobedo, 2019, pp. 156-157). Sexa como for, Jean Louis Guereña é un dos autores máis destacados sobre o estudo da prostitución na España contemporánea, e aínda que se centra no século XIX, tamén se encarga da análise no período franquista, coincidindo coa liña interpretativa de Mirta Núñez-Balart, unha das principais espoñentes para o período que aquí se está a tratar.

Mirta Núñez estuda a prostitución no franquismo dende unha perspectiva social e poñendo o foco na represión e miseria sufrida polas mulleres na posguerra, así como o análise das causas directas que empuxaron a moitas delas a practicar o exercicio da prostitución, destacando a pobreza como factor diferencial (Escobedo, 2019, p. 164).

Mención a parte merece Assumpta Roura, que achega un documento que contén o *Informe sobre la Moralidad pública en España*, publicado en 1943 polo Patronato de Protección á Muller, institución na que se afondará con posterioridade. O informe permite ver as xustificacións da intervención estatal no control da moral, de maneira que informa sobre “mulleres caídas” ás que o franquismo pretendía impoñer o modelo de xénero ideal. Assumpta presenta unha institución de corte fascista fronte a Lucía Borrego, unha das primeiras historiadoras en acudir ás memorias do Patronato para analizar a prostitución

no caso de Andalucía, e derminando a ideoloxía nacionalcatólica, non fascista (Escobedo, 2019, p. 165).

A tese de Carmen Moral de 1974 supón un xiro no tratamento, pois comezan a xurdir os primeiros estudos serios e de carácter local nos que se reflicte a riqueza dos arquivos municipais (Escobedo, 2019, p. 157). Rafael Torres tamén traballa con este asunto, mais faino dentro dun contexto máis amplo, para tratar temas como a virxinidade ou a tardía revolución sexual (Escobedo, 2019, p. 166).

Na actualidade, destacan os traballos de Carmen Guillén Lorente, aínda que se centra na situación a partires do decreto abolicionista de 1956, facendo énfase no empeoramento das condicións de vida das prostitutas, ao transformarse en máis clandestinidade e perigosidade (Escobedo, 2019, p. 166).

2. Estado da cuestión

No estado actual da cuestión, poderíase determinar que os historiadores e as historiadoras prestan atención á análise xurídica, ao discurso médico e moral do réxime, así como se aprecia un recente interese pola caracterización da prostituta dende un punto de vista social, nas últimas décadas da pasada centuria. Xorden estudos que se centran na represión franquista exclusivamente vivida polas mulleres (Irene Abad, 2009, p. 66). Principalmente, débese ao auxe que cobraron os estudos sobre a muller así como tamén á historia das mentalidades (Moreno e Vázquez, 1997, pp. 67- 68).

Neste sentido, non todos os campos tiveron o mesmo tratamento, de maneira que se reflicte un claro énfase na preocupación polas orixes e evolución do *Patronato de Protección a la Mujer* e no ámbito penitenciario, mentres que outros aspectos como a convivencia no prostíbulo, o comportamento sexual e a relación do fenómeno dende unha perspectiva feminista están menos desenvoltos ou son cuestións máis complexas de dilucidar.

Para o caso español apréciase un tratamento do fenómeno da prostitución un tanto marxinal que ten que ver coa limitación das fontes existentes para o asunto. Mentres que en outros países é posible facer un estudo a escala masiva debido á documentación

policial, procesos criminais, arquivos de prisións, hospitais e reformatorios, en España son de difícil acceso, de maneira que os que estudan o tema priorizan a utilización de fontes máis adsequibles, como é o caso de ordenanzas, tratados de hixiene, literatura, memorias, textos xurídicos, etc (Moreno e Vázquez, 1997, pp. 68-69).

Moitos denuncian os baleiros historiográficos e obstáculos para acceder á documentación, en parte pola actuación das institucións que se viron afectadas pola censura da Igrexa (Escobedo, 2019, p. 170). Tamén se aprecia a desaparición de arquivos centrais do Ministerio do Interior, de maneira que só se conservan algúns expedientes de prostitución no Arquivo Histórico Nacional. Así, as mellores fontes son de orixe municipal, sobre todo naqueles lugares donde o concello exerceu como responsable da Xestión policial e sanitaria dos burdeis reglamentados (Moreno e Vázquez, 1997, p. 70-71).

En consecuencia, outra das grandes tendencias é o carácter rexionalista e sincrónico das publicacións referidas á actuación do Patronato, polo que non existe moita documentación que aborde a temática dende a totalidade da institución así como na súa dimensión nacional (Guillén, 2020, p. 60), máis alá de certas directrices xerais ou datos extrapolables. De feito, como a prostitución era considerada delito menor, era competencia das Audiencias. Tamén entran no ámbito de actuación os tribunais eclesiásticos cos “procesos de mala vida”, ou mesmo arquivos diocesanos que dan conta de demandas de divorcio que destapan casos de prostitución (Moreno e Vázquez, 1997, p. 69).

No referido ás cidades e territorios que máis se tratan, son Andalucía, Madrid e Cataluña. Esta última é a cidade autónoma sobre a que hai máis estudos, non só tratando as grandes capitais senón tamén cidades de menor tamaño. Obsérvase neste sentido unha limitación nos obxectos de estudo, polo que aínda que en lugares como Galicia xorden publicacións, outros como Aragón e Zaragoza contan con unha investigación case nula, a pesares de ser esta última provincia donde encontrou Guereña o primeiro reglamento sobre prostitución para o século XIX español (Escobedo, 2019, p. 169).

Neste senso, os informes do Patronato de Protección á Muller seguen a ser unha das principais ferramentas de análise. Permite rastrexar unha gran cantidade de expedientes particulares, prostíbulos e amosan a heteroxeneidade no funcionamento das diferentes xuntas do Patronato. Así mesmo, é posible detectar que actitudes entraban dentro do concepto de moralidade. Porén, un gran inconveniente é a aplicación da Ley de Protección de datos e a eliminación de expedientes por parte dos propios centros (Guillén, 2020, p. 59).

3. Da abolición á reglamentación (1935-1941)

3.1. A prostitución na Segunda República

A Segunda República foi un período de considerables transformacións en moitos ámbitos. Para as mulleres, e neste caso as prostitutas, foi de vital importancia unha medida legislativa: o Decreto abolicionista da prostitución do ano 1935, que rompe co reglamentarismo sanitario herdado dos comezos da centuria decimonónica (Guillén, 2017, p. 529).

Segundo Guereña, no paso á abolición foi imprescindible a difusión por Europa do feminismo anglosaxón, encabezado por Josephine Butler, que defendía a fin do reglamentarismo (Guereña en Guillén, 2017, p.530). Esta corrente de carácter foráneo foi introducida por diversos sindicatos e organizacións na década de 1920, que comezaron unha loita abolicionista sobre todo grazas á formación da *Sociedad Española de Abolicionismo* en 1922, e tratando por primeira vez a prostitución en termos de explotación sexual (Rodríguez, 2019, p.105). O discurso aludía á prostitución como unha práctica que atentaba contra a dignidade da muller, máis poñíase o énfase no plano sanitario: a transmisión de enfermidades venéreas (Guillén, 2017, p. 530). De feito, a creación do decreto respondía a unha dobre intención. Por unha parte, os controis ás prostitutas non eran eficientes de cara ao contaxio, ao tempo que a prostitución clandestina era imposible de ter baixo control por non formar parte do espectro dos burdeis reglamentados (Rodríguez, 2019, p. 106). Pola outra parte, segundo sinala Mercedes Rivas Arjona, a medida presentábase como “una cuestión de humanidad y de

modernidad” propia dos países desenvolvidos do momento (Rivas Arjona en Carolina Rodríguez, 2019, p. 106).

Sexa como for, abolida a prostitución, o decreto rematou coa regulación sobre todo tipo de asuntos relacionados coa actividade prostitucional dos que xa non se precisaban ou non estaban en consonancia coa nova lexislación: as casas de prostitución, os deberes das amas, os impostos e tamén coa prohibición de entrada de prostitutas en lugares públicos, así como a inscrición das mesmas no rexistro como prostitutas (Rivas en Guillén, 2017, p. 530). Ademais implementáronse programas de reinserción social (Rodríguez, 2019, p. 530).

Con todo, algunhas medidas seguían recordando o sistema reglamentarista: os controis e o internamento hospitalario forzoso en casos de enfermidade. Ao mesmo tempo, o decreto outorgáballe ás autoridades sanitarias a potestade para vixiar aos sospeitosos de ser focos de transmisión, de maneira que conlevou a que algúns sectores se manifestaran abertamente en contra: feministas, comunistas e socialistas (Mercedes Rivas, 2012, pp. 363-364). Non obstante, *a priori* apréciase un avance os servizos profilácticos ofreceráanse á cidadanía sen distinción de sexo (Rivas, 2012, p. 363).

3.2. O rol da prostituta na Guerra Civil e o inmediato franquismo.

Co estalido da Guerra Civil (1936-1939) o burdel e a prostitución voltaron a ocupar un espazo que co Decreto abolicionista da Segunda República quedara suprimido por lei. As características específicas da guerra propiciaron un auxe da práctica prostitucional ao aumentar o número de viúvas que quedaban baixo unhas condicións económicas de pobreza, recorrendo á venda do seu propio corpo como recurso para subsistir. A maiores, moitas mulleres tiveron que fuxir das zonas republicanas sen ningunha seguridade material. Pero este fenómeno tampouco é posible de non coincidir cunha maior demanda do comercio sexual, neste caso, principalmente por parte dos militares. Deste xeito, a comezos de 1937 Felix Martí Ibáñez estimaba que a prostitución aumentara dende o comezo da contenda nun 40%, fronte aos datos que remitían os dispensarios antivenéreos no 1934, con 1500 prostitutas exercendo nos burdeis e 1000 na rúa (Venceslao *et al.*, 2021, pp. 100-111).

O goberno, que tentara comprometerse co Decreto abolicionista, abandonou ás prostitutas á súa sorte para focalizarse no acelerado avance das enfermidades entre as tropas (Rodríguez, 2019, p. 106). Así, no bando republicano desenvolveuse unha activa campaña antivenérea que denunciaba o perigo de contaxio de enfermidades de transmisión sexual, sobre todo mediante a publicación de carteis, co obxectivo de chegar tamén á poboación aínda analfabeta (Guereña, 2003, pp. 406-407). Neles, é posible profundizar sobre a verdadeira concepción da prostitución, xa que as prostitutas eran as principais protagonistas dos mesmos (Rodríguez, 2019, p. 104). O estigma de muller sucia e enferma recaía sobre elas, mentres que os homes eran as vítimas, que sufrían as consecuencias das enfermidades ao tempo que tiñan que soportar o peso dunha guerra. A maiores, moitos deses carteis chegaron a comparar as prostitutas co inimigo fascista (*Imaxe 1*), isto é, converteuse nun sector da poboación inimigo en tanto que significaba tamén a baixa de numerosos soldados (Venceslao *et al.*, 2021, p. 112).

A situación de descontrol era tal que á altura de 1937 un comisario de Hixiene da XV división das Brigadas Internacionais sinalaba que media compañía estaba no hospital por mor do contaxio (Guereña, 2003, p. 406), mais tamén había resistencias por parte das prostitutas ante a necesidade de sobrevivir (Venceslao *et al.*, 2021, p. 120).

A preocupación pola situación das prostitutas veu da man de *Mujeres Libres*¹, unha organización anarquista nada en 1936 e que plantexaba a prostitución dende a perspectiva delas, sinalando a pobreza como principal causa que as avocaba a practicala (Guereña, 2003, p. 408). *Mujeres Libres* pretendía liberar ás mulleres dunha triple escravitude: as condicións que as levaran a exercer a prostitución sumíanas nun ambiente de ignorancia, explotación laboral e discriminación por cuestións de xénero (Rodríguez, 2019, p. 106).

A lóxica do capitalismo obrigaba ás mulleres sen recursos económicos a pór en venda o único do que podían dispoñer: o seu corpo. Presentaban unha muller como vítima do sistema e a casuística da guerra, fronte aos carteis e demais medios propagandísticos, que as sinalaban como máximas representantes da dexeneración moral. Esta é precisamente unha das grandes aportacións da organización, ademais de incluír por

¹ Dirixida por Lucía Sánchez Saornil, Mercedes Camaposada e Amparo Posch y Gascón.

primeira vez a problemática da prostitución baixo unha perspectiva de clase (Venceslao *et al.*, 2021, pp. 96-97). O problema da prostitución estaba abordado dende a perspectiva social das propias prostitutas e non tanto ceñíndose exclusivamente ao ámbito sanitario, que as sinalaba como únicas vectoras de contaxio.

Outra cuestión relativa ao contexto bélico é a figura da miliciana, vítima dun amplo descrédito ao ser equiparada á prostituta. A equiparación foi tal que o Batallón feminino do Quinto Reximento creado por Dolores Ibáurri en xullo de 1936 foi suprimido para ser destinado a fins sanitarios ao ser tildado de estar composto por prostitutas que transmitían enfermidades venéreas (p. 80). Así, esta consideración final non só reforzou o estigma contra as prostitutas que as asociaba ás enfermidades venéreas e provocara que partidos e organizacións de esquerda que antes apoiaban a súa participación as rexeitaran, senón que tamén propiciou a eliminación da actuación feminina no campo bélico (Venceslao *et al.*, 2021, pp. 73- 74).

Na zona sublevada, non se aceptou a lexislación republicana, de maneira que a prostitución se foi exercendo libremente a medida que se foron dominando os diversos territorios no transcurso da guerra (Guereña, 2003, p. 410). Neste sentido, resulta chamativo observar como a volta á “legalización” xa se foi xestando na práctica durante a guerra, aínda sen ningunha lexislación que o declarara como tal.

Aínda que na zona republicana a loita antivenérea era máis intensa, a propagación das enfermidades venéreas tamén preocupaba aos rebeldes, que vían como as súas tropas mermaban. Por iso, o inspector provincial de sanidade consideraba que era necesario “aislar a esta clase de mujeres, que son un peligro para la salud del Ejército” (Guereña, 2003, p. 411). Neste senso, non preocupaba a saúde da poboación española nun contexto de propagación masiva senón que os homes enfermaban, principalmente os militares, porque estaban inmiscuidos na misión de “salvar a Patria” mediante a sublevación.

Así, como sinala Michael Seidman, o puritanismo que se mostraba públicamente non tiña nada que ver co pracer privado. Esta situación excusábase de maneira que os combatentes precisaban desafogar debido ás presións na fronte de guerra, coma se dun dereito se tratase (Martínez, 2015, pp. 59-60). Por este motivo, os rebeldes servíronse das

mulleres para satisfacer o seu desexo sexual mediante unha prostitución segundo Guereña (2003) “estructurada por grupos étnicos o nacionales” (p. 414). Así, en Burgos os alemáns da Lexión Cóndor “tenían una casa expresamente para ellos, seguro que por temer el contagio” (Guereña, 2003, p. 414). A este respecto, algunha documentación de arquivo, cartas e memorias deixan constancia de escenas violentas nos burdeis, especialmente cara aquelas prostitutas consideradas de orientación republicana ou de esquerda (Ángel Alcalde, 2012, p. 8).

Rematada a Guerra Civil, o prostíbulo reglamentado volveu a formar parte da vida pública. Xa no 1940 se atopa na Coruña un expediente informativo que reafirma a obrigatoriedade dos recoñecementos antivenéreos das prostitutas (*Imaxe 2 e 3*). Así, mediante o Decreto do 27 de marzo de 1941 quedaba anulado o prohibicionismo de 1935, baixo a xustificación da “reorganización da Loita Antivenérea”. (Guereña, 2003, pp. 415-416) e dispoñendo de medidas para a súa posterior regulación. En setembro do mesmo ano ano promúlgase unha lei que establece ás Xefaturas Superiores da Policía como as encargadas de velar polo cumprimento das normas hixiénicas e represivas respecto do ámbito prostitucional. Desta maneira, non era o ámbito sanitario o que tiña o control sobre o comercio sexual, dándolle un carácter moito máis represivo (Venceslao *et al.*, 2021, p. 125).

4. Percepción social da prostituta: un concepto flexible

4.1. O modelo: boa *versus* mala muller

O núcleo familiar era esencial para o franquismo, e neste sentido, a muller foi vista a ollos do réxime como un potencial sector que explotar para a transmisión de determinados valores aos fillos (Peinado, 2016, p. 283). Así, a súa moralidade está sempre no punto de mira e o xénero feminino é considerado capacitado para finxir e manipular, de maneira que o Estado precisa tamén delas baixo control (Osborne, 2012, p. 129). A este respecto, cómpre cuestionar que era a inmoralidade para ao franquismo, pois é un concepto subxectivo. Para o xefe de policía de Ávila, cuxo testemuño se recolle no Patronato de Protección á Muller:

“La inmoralidad es, en el amplio sentido de la palabra, la blasfemia y la palabra soez (...) la desintegración de la vida familiar española y cristiana, que se descentra del hogar y se desplaza, cada día más, a los centros de diversión: casino, cine, taberna, etcétera y, sobre todo, la relajación de las costumbres que se manifiestan políticamente en la conducta de los jóvenes en paseos, jardines, calles y plazas y la indecencia y perversión del pudor femenino en vestidos, posturas, juegos, deportes y salones” (Onandia, 2018, pp. 186-187).

Polo conseguinte, o franquismo establece o modelo de muller a seguir, o cal reforza a Igrexa e a Sección Feminina. Toma o ideal de muller católica, o “anxo do fogar”, xa que este responde a unha subordinación ao marido, que en última instancia ten a responsabilidade política familiar (Núñez e Torres, 2003, p. 125). Nelas se deposita o mantemento das apariencias e o deber de “dar exemplo”. Así, a muller debía:

“Ir convenientemente vesida, es decir, con mangas largas o al codo, sin escotes, con faldas holgadas que no señalaran los detalles del cuerpo ni acapararan atenciones indebidas. La ropa no podía ser corta y mucho menos transparentarse, Las mujeres jóvenes no debían salir solas ni acompañadas de hombres que no fueran de la familia (Onandia, 2018, p. 176).

A Igrexa apoiaba unha “rexeneración nacional” fronte ao caos republicano, así como poñía énfase no “sentido cristián da familia” (Abad, 2009, p. 73). Por iso, de desbotar a vida relixiosa, o matrimonio e a maternidade eran ao que as mulleres debían aspirar, que en última instancia formaba a familia. Ao tempo, eran os dous ámbitos aos que se reservaba a sexualidade feminina.

En canto ao discurso sobre a sexualidade, franquismo permite unha lectura en clave biolóxica: estaba orientado única e exclusivamente á procreación, único feito que xustificaba o mantemento de relacións sexuais entre homes e mulleres. Neste sentido, practicar relacións sexuais dentro do matrimonio e ter desexo sexual non só era un dereito senón tamén un deber, polo que a ausencia das mesmas podían xustificar mesmo a ruptura da unión conxugal (Anne-Galle, 2004, pp. 1030-1031). A través da renuncia ao pracer

sexual a muller acada a perfección (Prieto, 2017, p. 3779) e só así pode ser equiparable ao home moralmente.

Este discurso parte do modelo sacrificial do cristianismo, no que o corpo era o inimigo e donde se concentraban os “pecados”, polo que habería que fuxir das tentacións carnaís eran o que permitían acadar a virtude feminina e todas as que non cumprían con este modelo eran consideradas desviadas e debían ser reconducidas. Precisamente por iso, as prostitutas eran rexeitadas dobremente: reciben o desprecio das mulleres solteiras e non podían cumprir a misión de ter fillos, considerada unha obriga para a rexeneración da “Patria” (Rodríguez, 2005, p. 183). Ademais, se o facían e eran nais solteiras, eran despreciadas igualmente porque supoñía que era debido a deixarse levar polas pasións do corpo; convertíanse en “malas mulleres”. Toda esta caracterización da “muller perfecta” estaba reflectida nos manuais escolares, donde cada neno ou nena asimilaba o seu rol social e de xénero, sen coñecemento da súa sexualidade (Osborne, 2012, p. 350- 360).

4.2. A construción dunha base científica

A psiquiatría tamén foi un piar fundamental para facer énfase na marxinação das prostitutas. Xa dende finais do século XIX Cesare Lombroso relaciona criminalidade coa prostitución. Para el o seu exercicio era a equivalencia dexeneradora feminina a ser un criminal. Antonio Vallejo Nájera segue esta liña no franquismo, asociando ás prostitutas unha patoloxía concreta (Guillén, 2021, p. 102). Facendo unión das doutrinas alemás de hixiene racial cos principios da moral católica, propón a prostitución como unha deriva de factores xenéticos e non circunstanciais:

“Claro está que en la prostitución intervienen complejos factores ambientales, pero son muchas las personas colocadas en iguales circunstancias que no se entregan al comercio sexual mercenario. Ha podido observarse la escasa intervención que tienen la pobreza, el alcoholismo de los padres, los malos tratos de la madrastra, las seducciones, etc. En la prostitución más frecuentemente interviene el factor constitucional” (Guillén, 2021, p. 102).

Facer énfase nas pobreza económica de posguerra implicaría ter que recoñecer as deficiencias da planificación da economía do réxime. Eran polo tanto mulleres atraídas

pola perversión e a ambición por xenética. A maiores, escondía tamén unha hipótese en relación á sexualidade feminina. Partíase da idea dunha *feminidade asexual* e unha *masculinidade hipersexualizada*. As mulleres defíníanse como pasivas sexualmente, con un instinto sexual case nulo e en todo caso subordinado ao do home. En contraposición, as prostitutas si sentían un impulso sexual forte, de maneira que podían cumprir un papel de mediadoras entre ambas sexualidades: axudarían a preservar a castidade e a honestidade feminina ao tempo que satisfacerían os desexos masculinos. Foi esta idea a que deu cobertura á legalización da prostitución, pois para a Igrexa e para o réxime a prostituta era un “mal menor”.

A pesar de que a súa existencia era unha “necesidade”, seguía sendo a culpable socialmente do mercado carnal porque nela recaía o feito de despertar o desexo do home. Ademais, non só eran inconscientes moralmente senón tamén intelectualmente, ao ser relacionadas directamente coa súa condición de republicanas e de pertencer aos estratos máis baixos da sociedade intelectual (Venceslao *et al.*, 2021, p. 87).

5. No burdel e na clandestinidade

5.1. Motivacións

A miseria económica de posguerra fixo que moitas mulleres tivesen que vender o seu corpo para a súa supervivencia. Desta maneira e segundo un estudo realizado na prisión de Xerona, “el 75% de las prostitutas se entregaron a esa vida por carencia de medios económicos para atender al más prentorio de la vida” (Torres e Núñez, 2003, p. 104). Así mesmo, a historiadora Conxita Mir pon de manifesto a exclusión social por motivos políticos, que acaba coa saída prostitucional (Torres e Núñez, 2003, p. 110).

Outra dos desavatares era cando no exercicio do servizo doméstico, un home se beneficiaba do mantemento de relacións sexuais con unha muller para logo abandonala á súa sorte unha vez “deshonrada”, sen supoñer para el ningunha connotación social negativa *a posteriori*, pero si implicaba a marxinação social dela. Por circunstancias persoais, que case sempre teñen que ver coa calificación da súa moralidade, a miúdo eran

repudiadas polas súas familias, como tamén é o caso das nais solteiras. Exemplo disto é o expediente número 465 do Colexio das Oblatas de Carabanchel:

“De diecisiete años, natural de Madrid (...) iba a comer con su padre, quien un día la maltrató por no haber ido a verle. Por este motivo, dice que abandonó la casa (...) Uno de los soldados se brindó a acompañarla, deshonrándola en el camino (...) Volvió a casa de sus tíos pero no quisieron recibirla; cuando consintieron volvió a huir. Al tener hambre, se dedicó a la prostitución cobrando diez pesetas por este servicio, aunque no se dedicó a él mientras no le resultó imprescindible para su subsistencia. Fue hallada en una chocolatería a altas horas de la noche y desde una comisaría fue trasladada al Patronato” (Prieto, 218, pp. 123-124).

Sen traballo e sen protección do núcleo familiar, estaban completamente desprotexidas ante un mundo que ofertaba a posibilidade dun mercado sexual feminino ao desfrute dos homes. O réxime destaca como causas o afán de lucro, a herdanza republicana e como xa se viu, unha suposta patoloxía innata nas prostitutas (Prieto, 2018, p. 77). Se ben é certo, destacan unha situación económica e social moi degradada, pero sempre nun ton paternalista ao presentarse como os salvadores daquelas que por elas mesmas son incapaces de “romper con las cadenas de tan dura esclavitud” (Torres e Núñez, 2003, p. 74).

5.2. Tres esferas: pública, privada e clandestina

A prostitución conta con tres esferas: pública, privada e clandestina. Mentres que a prostitución pública implicaba a subordinación das mulleres a terceiras persoas que se beneficiaban de explotar o seu corpo e polo tanto comprendía a trata de brancas, a prostitución privada estaba composta polo exercicio de mulleres maiores de idade e reglado sanitariamente, as cales supostamente exercían con “liberdade” (Onandia, 2018, p. 178).

Estas dúas modalidades identifícanse normalmente co prostíbulo, que a ollos da sociedade se ve como un espazo de perversión e luxuria. Non obstante, tamén era visto como un espazo de socialización masculina e era aceptado porque esta fórmula permitía o control legal da actividade. Pero cada vez medraba máis a prostitución clandestina, que

se caracterizaba por unha enorme corrupción, pois ao non estar dentro da lei nin das inspeccións sanitarias, as mulleres que a practicaban estaban sometidas a condicións de explotación (Onandía, 2018, p. 179). Esta era a modalidade que máis preocupaba ao réxime porque, a diferenza das dúas anteriores, non era controlable, polo que as vítimas deste mercado sexual feminino foron duramente perseguidas e castigadas para ser internadas.

A ansia polo control da prostitución clandestina mediante toda unha serie de aparellos represivos é tamén indicadora da preocupación pola suba de contaxios de enfermidades de transmisión sexual. Había todo un entramado legislativo para establecer un control sobre a prostitución. Así, a primeira das leis foi a orde de maio de 1941, declaraba un sistema de recoñecemento médico periódico e obrigatorio para todas as prostitutas, ademais da súa hospitalización forzosa en caso de estar enferma. Ademais, debían levar consigo unha cartilla sanitaria que acreditase a súa ocupación e o seu estado de saúde para poder exercer, coa finalidade de ser diferenciadas das que a exercían na clandestinidade. A segunda normativa foi a lei de setembro de 1941, que outorgaba a competencia da vixianza dos prostíbulos á Xefatura Superior da Policía, encargada de supervisar a seguridade e hixiene dos mesmos, para ter a potestade de conceder a licenza de apertura ou pechar as “casas de tolerancia”. Creouse tamén un novo Código Penal mediante o cal todas as persoas que formasen parte do mercado sexual e incumplisen calquera tipo de normativa relacionado co mesmo serían multadas (Onandía, 2018, pp. 182-183).

Na clandestinidade menores e maiores de idade buscaban outros espazos fóra dos prostíbulos para escapar da lexislación. Os informes especiais de moralidade reflectían este tipo de cuestións, ao facer fincapé na observación do comportamento na rúa, nos espazos adicados ao ocio como festas e romarías, os cabarets, os cines, etc. Neste sentido, en Lugo ou Viscaia “hay algunos salones de baile (...) asisten artesanas, muchachas al servicio y algunas mujeres dedicadas a la prostitución que allí disimulan sus actividades” (Lucía Prieto, 2018, p. 54). A dimensión foi tal que lugares como as perruquerías ou tendas de moda se empezaron a considerar espazos potencialmente perigosos. Máis non só se practicaba en sitios públicos senón que mesmo había familias que alugaban as súas habitacións para que se ofrecesen ese tipo de servizos (Prieto, 2006, p. 676). Ademais,

outra modalidade eran as chamadas “mantenidas” ou “queridas”, que alonxadas destes espazos propiamente prostitucionais, o seu corpo era comprado por un home como se dun obxecto se tratase, a cambio de esta poder sobrevivir (Prieto, 2006, p. 682).

A actividade era oficialmente exercida por mulleres que rondaban entre os vintetrés e os trintaecinco anos, polo que para as de maior idade a única saída era a prostitución clandestina, ao ser rexeitadas tamén polas “casas de tolerancia” por non representar o estereotipo de beleza feminino, que levaba implícito a xuventude. Con todo, a falsificación dos documentos era habitual e sinxela, e só provincias como Lugo, Navarra ou Tarragona pedían un carnet que levase fotografías e impresións dactilares. Ademais, era a alternativa que mellores posibilidades económicas ofrecía ao non deber retribución ao proxeneta, fronte aos prostíbulos (Guillén, 2016, p. 69).

6. Patronato de Protección a la Mujer

En herdanza do antigo Real Patronato para la Represión de la Trata Blancas de María Cristina (1904-1931) e ao primeiro Patronato de Protección a la Mujer do período republicano, constitúese un organismo co mesmo nome ca este último en marzo de 1942, ao cargo do Ministerio de Xustiza e a través dunha organización piramidal. No cumio sitúase a Xunta Nacional, presidida por Carmen Polo e Esteban Bilbao y Egía, ademais dunha comisión permanente e cincuenta xuntas provinciais, á súa vez divididas en xuntas locais (Guereña, 2003, pp. 423- 424).

O Patronato foi o máximo representante da represión moral feminina durante o franquismo, creado co obxectivo de redimir á “muller caída”, así como para evitar a dexeneración doutras que estiveran a piques “de caer” (Guillén, 2020, p. 514). Todas aquelas que levaran a cabo unha vida que se saíse das prácticas que a moral franquista considerase impropias, é dicir, que traspasasen o límite do ideal de muller, tiñan esta consideración.

A nova institución tiña unha empresa dobre: xurídica, ao pactar o internamento da xoven e suprimir a patria potestade cando era conveniente; así como asistencial, a través do internamento como tal (Guillén, 2021, p. 109). Así, todas aquelas que non encaixasen

neses parámetros difusos podían ser internadas nos establecementos dos que dispoñía o Patronato. Porén, hai que aclarar que se encargou principalmente das mulleres entre os dezaseis e os vinte e un anos, o rango de idade foi a miúdo extensible ata os vinte e cinco no caso de conducta inapropiada (Onandia, 2018, p. 190). Esta delimitación temporal responde a que se consideraba que o 75% das prostitutas comezaban a presenciar o mercado sexual en torno aos vinte e cinco polo engano de proxenetes, que lles amosaban nel unha posibilidade de lucro (Torres e Núñez, 2003, p. 45), pero tamén presupón de novo a evasión dunha motivación por necesidade económica senón por ambición. Non obstante, é sostible a presenza de menores nos centros como proba un documento do Reformatorio de Aranjuez, no que a directora propón “crear una norma para la clasificación de mayores y menores detenidas en este reformatorio” (Torres e Núñez, 2003, p. 49).

En 1943 a maioría de idade pasa a ser vinte e un anos, pero o delito de corrupción de menores seguía implicando a maiores de vinte e tres, de maneira que o Patronato seguía tendo un baremo máis amplo para internar a estas mulleres (Torres e Núñez, 2003, p. 44). Neste sentido, como as menores de vinte e tres eran perseguidas polo Código Penal, as que eran maiores de idade legalmente pero non pasaban esta franxa estaban sometidas á autoridade paterna (Torres e Núñez, 2003, p. 45). Por esta razón, perpetúase o internamento nos centros sen que as prostitutas puidesen saír ata que os pais o demandasen, sendo que moitas veces foran enviadas por eles.

Con respecto á historia do Patronato, no primeiro franquismo tivo unha actuación moi restrictiva, de maneira que as medidas xudiciais que levaba a cabo estaban destinadas a fortalecer a moral que predicaba a Igrexa católica. Porén, a partir de 1952 as competencias do Patronato foron ampliadas mediante autoridades alleas ás relixiosas e afíns ao réxime, con un maior número de internamentos indiscriminados. Para rematar, cómpre destacar que nos anos finais, aínda que non son obxecto de estudo deste traballo, rexistrouse un aumento considerable das internas seguindo nesa tendencia cada vez máis abusiva por parte dos que tiñan competencia nos internamentos e o control dos reformatorios. Non foi ata o real Decreto de 1985 cando se dissolveu, para transferir as súas competencias ás comunidades autónomas (Guillén, 2020, p. 514).

6.1. Persoal: as ordes relixiosas femininas.

Debido a que lle correspondían unha gran cantidade de tarefas, o Patronato dividiu as súas competencias en áreas funcionáis, coordinadas por un secretario xeral . Así, a cúpula do Patronato estaba constituída por relixiosos e conservadores de renome, apreciándose unha escasa presenza de mulleres (Guillén, 2020, p. 514).

Pola contra, a maior parte da base do seu funcionamento eran mulleres xa que, ante a falta de locais, a Igrexa prestou axuda ao Patronato poñendo ao seu servizo toda unha serie de reformatorios, colexios e demais lugares distribuídos por todo o Estado para levar a cabo dita misión, da que se encargarian as diferentes ordes relixiosas femininas (Guillén, 2020, p. 518). Inicialmente a maior parte dos centros estaban en Madrid, a partir de donde se irían distribuíndo as mulleres en función das súas especificidades: de prevención, rehabilitación ou vixiancia (Guillén, 2020, p. 518).

A súa presenza parte dun acordo entre o Servizo Nacional de Prisións e as Comunidades Relixiosas dende a Guerra Civil, e mediante o cal estas últimas se comprometían a levar a cabo unha labor asistencial nos centros, sendo a instrucción relixiosa a súa principal misión (Torres e Núñez, 2003, p. 81). Era fundamental en tanto que debían inculcar unha cristianización ás mulleres que entraban a formar parte (Guillén, 2020, p. 517). Por iso, as celadoras tiñan que acreditar a súa conducta moral impecable, así como unha boa formación, e de feito, ás veces requeríase a súa adhesión ao Movemento Nacional. Moitas delas estudaron na Escuela Social de Madrid un curso de seis meses e tras dous, exames, práctico e teórico, xa lles daban o diploma de celadoras (Beatriz Onandia, 2018, p. 193). Tamén era habitual que exerceran como mestras de ensinanza elemental ou cursos teórico-prácticos orientados ás actividades que se consideraban propias do sexo feminino (Torres e Núñez, 2003, pp. 81- 82).

O ensino era fundamentalmente relixioso, polo que era de obrigado cumprimento asistir aos oficios católicos, mediante un plan de horarios. Este tipo de coñecementos era tan determinante que o capelán podía facer que se retrasara a súa liberación por ausencia dos coñecementos básicos de catecismo, así como implicaba ao mesmo tempo unha

advertencia para as demais presas, que polo tanto se vían obrigadas a formarse neste ámbito para poder saír (Torres e Núñez, 2003, p. 33).

As relixiosas gozaban unha gran capacidade de actuación, pero un novo contrato de 1945 limitou a súa actividade no referido á economía dos reformatorios, por ser considerada tarefa de homes. En consecuencia, o parello administrativo de prisións foi modificado con persoal masculino especializado e afin aos principios do Movemento Nacional (Torres e Núñez, 2003, pp. 81-83).

6.2. Internamento

As detencións eran ao cargo dos policía e das celadoras, polo que tendo en conta que o concepto de moralidade tiña un límite extremadamente difuso, a sorte das prostitutas dependía das subxectividade e compaixón destes axentes. Porén, aínda que hai lugares de sospeita como os cines ou cabarets, a prostitución podía ser exercida en calquera espazo da vida cotiá, polo que hai unha necesaria colaboración do cidadán (Prieto, 2018, p. 270), a miúdo froito de denuncias falsas e inxurias, e sempre co peso da valoración persoal. Como exclusividade da rexión de Murcia, existiron os denominados “axentes do patronato”, que acceden mediante nomeamento gubernativo e eran auténticos gardiáns de teatros, cines, e demais espazos públicos (Guillén, 2016, p. 76).

As familias estaban a miúdo implicadas nos internamentos. Daban aviso ao Patronato para internar as súas fillas nestes centros por comportamentos considerados inapropiados dende o punto de vista moral, como os paseos con mozos ou os embarazos de solteira (Guillén, 2020, p. 62). Había mozas de boa familia que ingresaban no Patronato, principalmente porque as monxas avisaban aos familiares das súas actuacións moralmente cuestionables. Cando a familia e a institución consideraba que o problema estaba solucionado, estas mulleres voltaban aos seus fogares con certa seguridade, pero isto non acontecía coas máis pobres, que non tiñan donde volver ou as condicións non lles eran favorables, o que propiciaba que voltasen a ser partícipes da actividade prostitucional. Segundo Lucía Prieto “entraran sendo niñas y negaran las experiencias de sociabilidad y las relaciones que preparan para la vida adulta, mermando por completo su autonomía personal” (2018, p. 267).

Con respecto ao internamento propiamente dito, o primeiro dos pasos a seguir consistía en pasar por un establecemento de clasificación, sendo o máis coñecido *Nuestra Señora del Amparo*. Nel contábase con un médico xefe, un psiquiatra, un psicólogo e dermovenereólogo así como con unha enfermera. No dito centro a muller debía estar cinco ou seis días aillada para elaborar un informe sobre a súa conducta e posteriormente pasaría seus meses en contacto co resto para determinar o informe conxunto elaborado por todo o persoal. Tras esta fase, sería clasificada en un dos cinco grupos: limpa, incapaz de reintegrarse no seu fogar, prostituta, embarazada e homosexual. No caso de ser clasificada como prostituta recibiría unha atención médica e sería separada do resto de grupos por perigo de contaxio (Guillén, 2020, pp. 518-19).

A seguinte fase implicaba o seu traslado a un centro de rehabilitación ou de prevención como eran as Adoratrices, Oblatas ou Relixiosas do Bo Pastor. Nos primeiros aplicábase un réxime de internamento absoluto, con unha duración de entre seis meses e dous anos. Para as que “precisaban prevención” en función da moralidade, eran enviadas a casas de familia ou fogares-taller. Estes últimos estaban destinados a ofrecer unha formación profesional á interna, case sempre relacionada coas tarefas do fogar por ser entendidas estas como propias do sexo. Aínda que teóricamente ofrecían unha cobertura educativa para a posterior reinsertión laboral, non eran máis que centros de traballo non remunerado, donde as mulleres eran explotadas en pésimas condicións (Guillén, 2020, p. 119).

6.3. Saída e reinsertión.

Rematado o período de internamento podían ser liberadas se a Xunta Disciplinaria así o decidía, sempre e cando cumpriran *a posteriori* un semestre de boa conducta e non padeceran enfermidades de transmisión sexual. Non obstante, debían cumprir con algunhas esixencias para estar baixo vixilancia, como determinar o domicilio ou ter un patrocinador, no caso das menores de idade (Torres e Núñez, 2003, p. 27). Ademais, debían acudir ao Dispensario de Loita Antivenérea, para seguir baixo control sanitario, e o incumplimento significaba o ingreso de novo no reformatorio (Torres Núñez, 2003, p. 32).

Moitas plantexaban diversas estratexias para saír, como é o caso de contraer matrimonio ou declarar o desvalidamento dun fillo ou outro familiar do que facerse cargo, pero sempre amosando arrepentimento. Pero outras decidían facelo mediante un intento de fuxida, que logo conlevaba o retraso cada vez maior da posta en liberdade, unha mancha do expediente e diversos castigos corporais², legalmente permitidos ata o 1944 (Torres e Núñez, 2003, p. 34). De feito, acabáronse instalando enfermerías nos propios centros coa finalidade de evitar as fugas nos traslados aos hospitais (Torres e Núñez, 2003, p. 68).

As actas das Xuntas de Disciplina dos centros demostran que as reincidencias eran bastante habituais. Se ben é certo que algunhas prostitutas volvían exercer na clandestinidade das rúas, moitas intentaban introducirse nos burdeis para ser protexidas pola legalidade e evitar o internamento de novo no Patronato (Torres e Núñez, 2003, p. 195). Seguía sendo polo tanto a súa única saída e isto permite reflexionar por que despois de recibir os preceptos relixiosos e estar para o réxime “rexeneradas moralmente” seguen a realizar as mesmas prácticas. Segundo a lóxica do réxime, ben podía ser que o seu sistema resultase fallido, pero de considerarse fructífero non podería ser senón un factor alleo á moral: a situación económica e o estigma social que non lles permite saír dun mercado amparado pola lei.

O destino por excelencia era o matrimonio, o servizo doméstico ou a volta ao fogar familiar. Pero hai constancia do receo das prostitutas de volver coas súas familias, xa que moitas veces foran estas mesmas as que as introduciran nos centros e volverían de novo a estar baixo o seu control. A este respecto, nun informe da provincia de Málaga do 1945 aparece o expediente dunha moza “perdida por su novio” a quen os seus familiares a castigaron internándoa nas Trinitarias, pero cando acabou o período de internamento a familia seguía a rexeitala, polo que acaba detida por prostitución clandestina dous anos despois, ingresando na prisión provincial (Torres e Núñez, 2003, p. 243).

² Un dos castigos máis habituais era o rapado da cabeza.

6.4. Memorias e informes de moralidade.

O Patronato redactaba periodicamente memorias anuais, publicadas en 1942, 1943, 1944 e tamén en 1954. Aínda que son unha das principais fontes para o estudo da prostitución no franquismo, non deixan de ser produto dun filtro do réxime. De feito, declaraban que algunhas internas suplicaban quedarse nos centros, cando é sabido que chegaba a haber casos de suicidio debido á permanencia nos mesmos (Guillén, 2016, p. 82). Tamén se redactaban informes de moralidade, que partían de cuestionarios enviados ás provincias (*Imaxe 4*) e nos cales a prostitución aparece sempre como problema nuclear, ben sexa a orixe, causas ou posibles solucións (Guillén, 2016, p. 66).

7. Órganos represivos: as cárceres.

7.1. Cárceres convencionais femininas.

Antes da creación das cárceres especiais, as prostitutas eran recluídas nas convencionais, nas que convivían co resto de presas, entre elas as políticas. Precisamente, aínda que non son espazos carcelarios en exclusividade das prostitutas, os testemuños destas últimas son das mellores fontes para coñecer a vida no cárcere así como o mundo da prostitución, a partir de vivencias que compartían entre os muros.

A convivencia estivo marcada polas diferenzas entre ambos colectivos. Esta unión tiña un obxectivo claro: degradar moralmente ás presas políticas. Para estas últimas era fundamental a conciencia política, fronte á individualidade de actuación das comúns, ao tempo que estas últimas pretendían borrar o seu pasado, en contra das políticas (Torres e Núñez, 2003, p. 126). Deste xeito, as prostitutas xerabanlles unha gran desconfianza por ser facilmente corrompibles ante a autoridade ademais de ser vistas como focos de contaxio de enfermidades (Bolaños, 2020, p. 8) e despreciadas polo mantemento de relacións lésbicas. Pola outra banda, as prostitutas non querían compartir espazo coas políticas porque foran influenciadas pola propaganda do réxime que as tildaba de “mujeres sin ley” (Giner, 2020, p. 9).

Con todo, a maior fronteira era a temporalidade entre rexas. As prostitutas encontradas exercendo na clandestinidade eran castigadas con unha multa, e no caso de non poder pagala, con un arresto en prisión, cuxa estancia sería equivalente á cuantía da multa. Así, a sanción máis habitual era de quince días, polo que axiña empezaron a ser coñecidas como “quincenarias”. O seu estado no cárcere era de “detidas gubernativas”, non eran procesadas nin penadas (Bolaños, 2020, p. 5). Esta situación explica unha das principais xenreiras por parte das políticas, que indica Soledad Real: “tu, además, sabías que ellas a los quince días salían y que a lo mejor se acostaban con un falanjista, mientras que tu tenías una condena de treinta años y no sabías si no te iban a llevar al paredón” (García en Osborne, 2009, p. 109). En cambio, foi aproveitado estratexicamente por algunha presa política, que buscaba o contacto cos seus familiares no exterior cando a prostituta se vise liberada (Bolaños Giner, 2020, p. 14).

Mentres a tónica xeral das presas políticas era o distanciamento das prostitutas, Carlota O’Neil toma unha postura ben diferente. Trata compartir vivencias coas prostitutas e entendelas, sen que a sexualidade implicase a barreira que supoñía para o resto, tendo como consecuencia un riquísimo testemuño que destapa a violencia dentro dos prostíbulos, neste caso, denunciando o abuso de autoridade por parte dos falanxistas:

“En los prostíbulos, militares falangistas y falangistas civiles descargaban la lujuria en las torturas que inflingían, en la sangre que derramaban, todo de brochazos violentos, con las prostitutas, que colocaban desnudas en filas y golpeaban con las fustas (...) Las borracheras despertaban instintos infrahumanos (...) Ningunha mujer se atrevía a protestar; la amenaza de ser considerada como “roja” era demasiado terrible (...)” (O’Neil en Osborne, 2010, p. 411).

Son relatos moi difíciles de rastrexar de non ser pola escritura das presas políticas en contacto, xa que a vergonña de exercer a prostitución e mais a carencia de medios para contar a verdade era un factor ben decisivo. Ademais, O’Neil reflexa unha violencia física e directa da cal a privacidade do prostíbulo amparado polo réxime e mais a ilegalidade da prostitución clandestina non deixaban espazo á denuncia por parte das mulleres, totalmente sometidas ás consecuencias do mercado sexual: “Tuvimos allí una que nos mostró un seno con cuatro cicatrices hundidas, como profundísimas viruelas, proveniente

de que un xuez, que cenaba con ella en su habitación, la hiciera desnudar y le clavara un tenedor en el pecho” (O’Neil en Osborne, 2009, p. 115).

7.2. Prisións especiais.

Dada a envergadura da prostitución clandestina xa nos primeiros anos de posguerra, o réxime non viu suficiente a encarceración das prostitutas nas prisións convencionais, senón que creou as chamadas prisións especiais para mulleres caídas ou reformatorios, mediante o Decreto do 6 de novembro de 1941, co obxectivo de reconducir a aquelas mulleres que reincidían no exercicio da prostitución clandestina (Torres e Núñez, 2003, p. 25).

As detencións eran frecuentemente arbitrarias e chegaba con comprobar os antecedentes por prostitución. No caso de telos, serían recruídas como “detidas gubernativas”, estando entre os seis meses e os dous anos. Igual que nas prisións convencionais, serían “reconducidas” levando a cabo tarefas “propias do sexo feminino”. Pero a decisión de crear uns espazos donde as mulleres non só se fan invisibles para a vida pública senón tamén para o resto das presas implica a vergoña que suscitaban. A propaganda do réxime ilustraba estas prisións como unha responsabilidade sanitaria pero tamén co resto das presas, porque as prostitutas eran “malas influencias”. Desta maneira,, os datos indican que “máis dun 95% das mulleres recluídas padecen enfermidades específicas contaxiosas e constituían un perigo para a saúde pública” (Torres e Núñez, 2003, p. 184).

Paradoxicamente, aínda que a maioría dos encontros entre presas políticas e prostitutas se produciron en prisións provinciais e centrais, tamén coincidiron nestas “prisións especiais”. Porén, a introdución de presas políticas tiña outra finalidade ben distinta: empregábase como apoio no desempeño de tarefas de enfermería e administración, dado a insuficiencia nos traballos de curación das prisións. Este foi o caso de Adelaida Abarca, unha desas presas políticas que obrigaron a quedarse na Prisión Especial de Mujeres de Gerona (Bolaños, 2020, p. 7). En consecuencia, a relación non podía ser a mesma e os testemuños que deixan as presas políticas son ínfimos, sendo este

un dos factores polo que esta tipoloxía carcelaria é a gran descoñecida do período franquista.

8. Embarazo.

Para o franquismo, é esencial o mantemento da saúde espiritual e física da nación, vencellado á súa vez á natalidade, demaneira que “a máis inmoralidade, máis solteiros, menos fillos nos matrimonios e peor saúde” (Prieto, 2018, p. 15). Por esta razón, adoptáronse políticas pronatalistas como a prohibición do aborto, o infanticidio e a propaganda anticonceptiva, ademais de outras que incentivaban a procrear como os seguros de maternidade ou as axudas ás familias numerosas (Blasco, 1998, pp. 170-171).

8.1. Maternidade.

Desexábase unha alta taxa de natalidade, pero con potenciais adeptos ao réxime. Mentres que o núcleo familiar era un pilar fundamental, os fillos de todas aquelas moralmente “caídas” debían ser separados das súas nais para ser educados nos valores do réxime. Así, Vallejo Nájera propugnaba a idea de arrebatarse os nenos ás presas nas cárceres coa finalidade de purificar dende os inicios da vida a sociedade (Hernández, 2015, p. 131).

As que chegaban embarazadas, eran internadas en centros maternais como a *Institución de la Dolorosa*, coñecida como *Villa Sacramento*. Precisaban de certas dependencias específicas para o seu coidado, pero as condicións de hixiene non o permitían, polo que eran vítimas de contaxios de enfermidades que se traspasaban aos nenos. Na realidade pretendíase en gran medida evitar prácticas abortivas e estiveron relacionados nos últimos tempos do franquismo co roubo de neonatos. Como o embarazo fóra do matrimonio era unha vergoña para a familia, moitas delas vían no internamento unha opción, de maneira que o ingreso das mesmas era a miúdo “voluntario”, pero case sempre traía consigo preocupacións como o abandono da familia ou do pai do bebé (Guillén, 2020, pp. 521-522). As mesmas relixiosas aluden á falta de auga e medios nos centros, o que provocaba un maior risco de contaxiar numerosas enfermidades, así como se contaba

con unha sobrepoboación carcelaria en prisións como a de Segovia ou Guadalajara (Beatriz Onnondia, 2018, p. 180).

Paradoxicamente, o parto actúa como un ritual simbólico sobre a nai, porque as caídas pasan de ser non-suxeitos a suxeitos que merecen atención por parte do Estado ao dar a luz a un individuo que educar, de maneira que este asume a súa paternidade (Prieto, 2018, p. 251). É pola súa función maternal polo que a prostituta se pode chegar a indultar. Porén, no rexistro civil os nenos si quedaban selados socialmente ao declarar que eran fillos dunha prostituta, nados nun reformatorio, aínda que sen aludir ao pai (Torres e Núñez, 1033, pp. 143-144).

En canto a aquelas mulleres que xa tiñan fillos no momento de ser recluídas, estes podían permanecer nas prisións ata os tres anos, cando se separaban das nais e se ninguén se facía cargo deles eran enviados a orfanatos ou centros do Patronato de San Pablo (Abad, 2009, p. 77). Non obstante, ese período na cárcere implicaba sufrir as mesmas condicións de hixiene e retención das súas nais (Torres e Núñez, 2003, p. 72).

Ante tal situación, a partir de 1941, desenvolveuse unha política para recoller e adoutrinar estes nenos desamparados, o que supoñía a oportunidade perfecta para modelar ao “inimigo” ao tempo que dá un branqueamento de cara presentándose como un acto xeneroso por parte do réxime (Torres e Núñez, 1003, p. 158). Crease así “Protección a Familias de Reclusos”, que se transformara no Patronato Nacional de San Pablo para Presos y Penados (Torres e Núñez, 2003, pp. 158-159).

8.2. Aborto e métodos anticonceptivos.

Con respecto á utilización de métodos anticonceptivos, é complicado identificar con exactitude a realidade. Non obstante, nun informe sobre a moralidade en Andalucía, todas as provincias afirmaban que as prostitutas españolas empregaban “prácticas maléficas” para evitar o embarazo (Prieto, 2017, p. 3782). Neste senso, a moral cristiá contradícese unha vez máis: son culpables de evitar o embarazo mais a posibilidade de que se quedasen embarazadas dun cliente tamén as convertiría en “malas mulleres”. Ao mesmo tempo, nelas cae a culpa do contaxio das enfermidades venéreas sen permitírselles empregar preservativos.

Os abortos e infanticidios eran perseguidos porque aos ollos do réxime implicaban unha posible inserción no mercado sexual ao verse elas “deshonradas” (Núñez e Torres, 2003, p. 66). Segundo a lei do 24 de xaneiro de 1941 promulgada pola Xefatura do Estado, o aborto era un crime contra o Estado, con penas para as que os realizaban, os farmacéuticos que vendesen medicamentos “abortivos”, así como o persoal médico encargado do asunto (Blasco, 1998, pp. 171-172). Non obstante, en todas as provincias andaluzas se estima a existencia de prácticas abortivas. Aínda así, as fontes demográficas para o estudo do aborto son incertas por ser unha práctica clandestina. Por iso, as sentencias criminais son os documentos máis interesantes, que relatán un análise detallado de cada caso (Blasco, 1998, p. 174).

O acceso ás comadronas era complexo posto que o custo a pagar era elevado, oscilando entre as 40 e 525 pesetas (Blasco, 1998, p. 175), de maneira que se acudían a prácticas máis perigosas de tipo caseiro e de transmisión oral. Pero non se apreciaban como estratexias de supervivencia feminina senón como herdanza da época republicana (Prieto, 2017, pp. 3783-3784). En canto aos abortos naturais, son vencellables ás condicións de vida de posguerra, pola subalimentación da nai, as condicións hixiénicas e as enfermidades.

Sexa como for, as condenadas por unha conducta supostamente inmoral e contraria aos preceptos da Igrexa son sempre as mulleres, ben das propias embarazadas, das comadronas ou doutras mulleres do seu círculo que supostamente as inducían a cometer o aborto, pero nunca os homes cos que mantiveron relacións sexuais (Blasco, 1998, p. 176), o que implica obviar tamén as violacións.

9. 1956: Un cambio de rumbo.

En 1956 pecháronse as casas de prostitución e voltouse ao abolicionismo. O xerme foi unha campaña de prensa de comezos do 1955 por parte dos medios católicos, a través do órgano de Acción Católica *Eclesia* e a propósito da denuncia dunha recente lexislación de tolerancia na Arxentina peronista (Guereña, 2003, p. 433). Mais tamén estivo condicionado polo contexto internacional, xa que o aillamento político e económico debía rematar e o ingreso na ONU foi o suceso decisivo para o cambio de rumbo, ao ser unha

das súas normativas a “convención internacional para la represión de la trata de los seres humanos y de la explotación de la prostitución” (Guereña, 2003, p. 432). Sexa como for, o tres de marzo de 1956 firmouse o Decreto-lei da Xefatura do Estado “sobre la abolición de las casas de tolerancia y otras medidas relativas a la prostitución”, quedando a prostitución como penada e descrita como “tráfico ilícito”, ao tempo que desapareceron os controis sanitarios e a Dirección Xeral de Sanidade se volveu facer co control das enfermidades venéreas (Guereña, 2003, pp. 438-439).

Conclusiones.

En tempos de Franco, moitas mulleres eran condenadas socialmente, mesmo polas súas familias simplemente por vestir e vivir a súa sexualidade con liberdade. Este rexeitamento, ligado á exclusión feminina do mercado laboral e á precariedade económica da posguerra na que moitas quedaban viúvas e orfas, conlevou a buscar estratexias de supervivencia indesexables e desesperadas: a venta do seu propio corpo. Non obstante, o simple comportamento que se saía da norma tamén chegaba para calificalas de prostitutas, sen exercer estas a dita actividade. Por iso, o concepto de prostitución presentouse moi flexible e moldeable.

Podían definirse neste sentido como unha representación do inimigo, e por iso sempre eran postas en paralelo ás republicanas. A figura da prostituta potenciouse no franquismo como un contramodelo para todas aquelas boas mulleres, que debían evitar a súa conducta. Neste sentido, os centros do *Patronato de Protección a la Mujer* e as prisións especiais, creáronse coa finalidade buscar a redención e o control da muller, pero tamén cun carácter exemplarizante. En termos propagandísticos, implicaba amosar ao mundo unha obra caritativa mediante a cal nun ton paternalista o réxime prometía salvar ás descarriadas dunhas cadeas das que non se podían soltar. Pola contra, só implicaba o recrutamento de miles de mulleres que, se conseguían saír vivas, voltaban á prostitución.

Isto só pode explicarse en clave de supervivencia, pois de ser un problema moral, tras ser “rexeneradas” nos centros e prisións, nunca voltarían a exercer a prostitución. Polo tanto, o factor último non debería ser outro un impedimento económico e de reintegración social. Por esta razón, a existencia da demanda masculina é a que determina

este mercado sexual, en cuxa base está unha mentalidade educativa na cal a muller non é dona do seu corpo, senón que parece que o home pode compralo, sendo prostitutas.

A actuación política do réxime respecto a este asunto destapa unha contradición evidente: legalizou unha práctica que posteriormente se encargou de castigar creando mecanismos para a dita fin. Esta constitúe a clave da resposta ao obxectivo inicial do traballo: un réxime que moralmente rexeitou o pecado e a prostitución, legalízouna porque constituía un “mal necesario” que había que ter controlado, ao servizo primeiro do Estado, que lucraab as arcas públicas con impostos derivados desta actividade prostitucional, así como aos homes que recurrían a estos servizos pola súa suposta condición “hipersexulizada”. Ademais, o mantemento da moral feminina importa no sentido de que a súa sumisión é de utilidade para a ditadura.

A maiores, o silencio das mulleres nas fontes documentais do momento só se rompe para denunciar a súa inmoralidade. Os males morais do país recaían nas mulleres, que eran os únicos vectores de contaxio das enfermidades venéreas así como as causantes que os homes se pervertisen mediante a súa manifestación externa do vicio. Son sinaladas dun dobre delito: contra a moral, pero ao mesmo tempo contra a saúde pública (Escobedo, 2019, p. 170).

Para rematar, as presas políticas eríxense como suxeitos moi importantes de transmisión de información, pois son elas as que principalmente tiveron as capacidades intelectuais para poder contar á posteridade as vivencias que lles transmitían as prostitutas. Neste sentido, as prisións especiais son as menos investigadas de todo o período, revelando tamén un estudo escaso da problemática das prostitutas en sí, senón que se enmarca habitualmente dentro da represión feminina. Ao mesmo tempo, é detectable a ausencia de xornais dixitalizados de época franquista aos que acceder para ter acceso á información, así como a necesidade de elaborar estudos máis globais que abarquen o sistema penitenciario e prostitucional feminino a nivel nacional.

Bibliografía.

- Abad, I. (2009). Las dimensiones de la «represión sexuada» durante la dictadura franquista. *Revista de historia Jerónimo Zurita*, 84, 65-86. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3199396>
- Bandrés, J., Zübieta, E., e Llavona, R. (2014). Mujeres extraviadas: psicología y prostitución en la España de postguerra. *Universitas Psychologica*, 13, 1667-1679. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5343526>
- Blasco, I. (1999). Actitudes de las mujeres bajo el primer Franquismo: La práctica del aborto en Zaragoza durante los años 40. *Arenal. Revista de historia de las mujeres*, 6 (1), 165-180. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=186374>
- Bolaños, L. (2020). “Tenga usted en cuenta que una presa política no es una prostituta”. Un acercamiento a la convivencia entre prostitutas y presas políticas en las cárceles franquistas. In *XII Congreso virtual sobre Historia de las Mujeres* (pp. 107-125). Archivo Histórico Diocesano de Jaén. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7785756>
- Duch, M. (2011). Una perspectiva de género de la represión concentracionaria franquista a partir del caso de la cárcel de las Oblatas de Tarragona (1939-1943). *Studia Historica*, 29, 315–336. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3821251>
- Enrique, Mora. (1980). *Nuestra prostitución*, Lugo: Averellos.
- Escobedo, I. (2019). Los historiadores y la prostitución. Un balance historiográfico relativo a la etapa contemporánea. *Revista Historia Autónoma*, (15) 155–170. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7112772>
- Guereña, J. L. (2003). *La prostitución en la España contemporánea*. Marcial Pons Historia.
- Guillén, C. (2020). El patronato de protección a la mujer: moralidad, prostitución e intervención estatal durante el franquismo. *Bulletin d’Histoire Contemporaine de l’Espagne*, (54), 1-6. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7687219>

- Guillén, C. (2020). El Patronato de Protección a la Mujer: Centros de encierro y control moral para las mujeres caídas. En P. O. Olmo & M. C. C. Izquierdo (Eds.), *De los controles disciplinarios a los controles securitarios: Actas del II Congreso Internacional sobre la Historia de la Prisión y las Instituciones Punitivas (Albacete, 4-6 de septiembre de 2019)* (pp. 513–535). Universidad de Murcia. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7582279>
- Guillén, C. (2021). La Prostituta como Víctima del Sistema Represivo Franquista. Un Análisis desde los Informes del Patronato de Protección a la Mujer. *Multidisciplinary Journal of Gender Studies*, 10 (2), 98-120. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7976065>
- Guillén, C. (2016). Prostitución y moralidad en la Murcia del primer franquismo: La Junta Provincial del Patronato de Protección a la Mujer. *Revista Murciana de Antropología*, (23), 65-84. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5854813>
- Guillén, C. (2020). Adoctrinamiento moral durante el franquismo: Un estudio comparado de los centros del Patronato de Protección a la Mujer en Segovia y Sevilla. *Historia Actual Online*, (52), 57-70. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7601723>
- Hernández, L. Q. (2014). Las desterradas hijas de Eva. En C. Mañas, M. Esquembre, M. Moreno e N. Montesinos (Ed.), *I Coloquio Internacional haciendo historia: género y transición política “Transiciones en marcha”* (pp. 127–139). Universidad de Alicante. https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/46118/1/2015_Transiciones-en-marcha_11.pdf
- Marta, Venceslao. (2021). *Putas, república y revolución*. Barcelona: Virus.
- Martínez, F. (2015). Marte y Venus: las prostitutas de la Guerra civil española. *La Razón histórica: revista hispanoamericana de historia de las ideas políticas y sociales*, (31), 57- 63. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6334916>

- Moreno, A., e Vázquez, F. (1997). Prostitución y racionalidad política en la España contemporánea: un continente por descubrir. *Historia Contemporánea*, (16), 67-88. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=149979>
- Rodríguez, S. (2005). Mujeres perversas. La caricaturización femenina como expresión de poder entre la guerra civil y el franquismo. *Asparkia: investigació feminista*, (16), 177-197. <https://www.e-revistas.uji.es/index.php/asparkia/article/view/551>
- Onandia, B. (2018). Entre el pecado y la lujuria: La inmoralidad pública durante el franquismo. *RAUDEM. Revista de Estudios de las Mujeres*, 6, 172-197. <https://ojs.ual.es/ojs/index.php/RAUDEM/article/view/2398/3229>
- Osborne, R. (2012). *Mujeres bajo sospecha. Memoria y sexualidad 1930- 1980*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- Osborne, R. (2010). Educación, clase social, militancia política: divergencias en torno a la sexualidad entre presas comunistas y Carlota O'Neil en el primer franquismo. *ARENAL*, 17, (2), 397-420. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3813324>
- Osborne, R. (2009). "Entonces ellas se convertían en rojas": desencuentros y amistades entre prostitutas y rojas en las cárceles franquistas. *Mora*, 15 (2), 104-118. http://www.scielo.org.ar/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1853-001X2009000200004
- Peinado, M. (2016). " Las mujercitas" del franquismo": cómo enseñar y aprender un modelo de feminidad (1936-1960). *Revista Estudos Feministas*, 24, 281-293. <https://www.scielo.br/j/ref/a/6Ps34MFKy7bHZJQFK6mCNCb/abstract/?lang=es>
- Prieto Borrego, Lucía. (2018). *Mujer, moral y franquismo: del velo al bikini*, Universidad de Málaga.
- Prieto, L. (2017). Control moral y moralización durante el franquismo: persistencias y cambios en la valoración del comportamiento femenino. En D. S. Pérez, M. Ortiz e J. S. Pérez, *La Historia: Lost in Translatión?* (pp. 3777-3788). Universidad de Castilla-La Mancha. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6417513>

- Prieto, L. (2006). La prostitución en andalucía en el primer franquismo. *Betica*, 28, 665–687. <https://riuma.uma.es/xmlui/handle/10630/6816>
- Regueillet, A.-G. (2004). Norma sexual y comportamientos cotidianos en los diez primeros años del franquismo: noviazgo y sexualidad. *Hispania*, 218, 1027–1042. <https://hispania.revistas.csic.es/index.php/hispania/article/view/178/180>
- Rivas, M. (2012). II República española y prostitución: el camino hacia la aprobación del Decreto abolicionista de 1935. *ARENAL*, 20, (2), 345–368. <https://revistaseug.ugr.es/index.php/arenal/article/view/1570>
- Rodríguez, C. (2019). Carteles antivenéreos de la Guerra Civil española: imágenes de la prostituta en tiempos de conflicto y revolución social. *Ciberletras: revista de crítica literaria y de cultura*, 42, 103–119. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7409387>
- Roura, A. (2005). *Un inmenso prostíbulo: mujer y moralidad durante el franquismo*. Barcelona: Base.
- Roura, A. (1998). *Mujeres para después de una guerra: informes sobre moralidad y prostitución en la posguerra española*. Barcelona: Flor del Viento.
- Torres, R e Núñez, M. (2003). *Mujeres caídas: prostitutas legales y clandestinas en el franquismo*. Oberon.
- Ilustración da portada: *Mujeres en los centros del Patronato de Protección a la Mujer*. (2020). RTVE. <https://www.rtve.es/rtve/20200616/patronato-proteccion-cronicas/2018540.shtml>


Anexo



Imaxe 1: Cartel republicano de Loita Antivenérea protagonizado por unha prostituta, que representa o foco da transmisión.

Nota. Adaptado de Rodríguez, C. (2019). Carteles antivenéreos de la Guerra Civil española: imágenes de la prostituta en tiempos de conflicto y revolución social. *Ciberletras: revista de crítica literaria y de cultura*, 42, 103–119.


<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7409387>



Imaxe 2: Expediente informativo sobre a vixencia do recoñecemento de prostitutas nos centros antivenéreos.

Nota. Adaptado de Ministerio de la Gobernación. Dirección General de Sanidad. (10-11-1940). *Expediente informativo sobre a vixencia do recoñecemento de prostitutas nos centros antivenéreos.* (33626 157), Archivo Dixital de Galicia, Madrid, España.

https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/es/consulta/resultados_busqueda.do?id=234404&posicion=10&forma=ficha



Imaxe 3: ratificación do expediente da Imaxe 2 por parte do Xefe de Sanidade de A Coruña.

Nota. Adaptado de Jefatura Provincial de Sanidad. (23-11-1940). *Expediente informativo sobre a vixencia do recoñecemento de prostitutas nos centros antivenéreos*. (33626 157), Arquivo Dixital de Galicia, A Coruña, España.

https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/es/consulta/resultados_busqueda.do?id=234404&posicion=10&forma=ficha

CUESTIONARIO DEL PATRONATO DE PROTECCIÓN DE LA MUJER SOBRE LA PROSTITUCIÓN EN LAS PROVINCIAS (1943-1944)

PROSTITUCIÓN EN CASAS DE LENOCINIO

17. Número de casas en la provincia, por poblaciones, y número de pupilas en cada una.
18. Porcentaje de enfermas.
19. Edades.
20. En que porcentaje serían redimibles, y métodos.
21. Clase de público que las frecuenta e influencia desmoralizadora y antisaneitaria de los lenocinios en esa provincia.
22. ¿Está en auge o en decadencia esta clase de vicio?
23. ¿Tiene garantías la identificación personal de las prostitutas?

PROSTITUCIÓN CLANDESTINA

- a. De menores.
- b. De mujeres mayores de edad que la ejercen privadamente, sin control.
- c. Familias que alquilan cuartos con fines ilícitos para ayudarse económicamente.
- d. Lugares de prostitución encubierta (hoteles, pensiones, cabarets, institutos de belleza, peluquerías de señoras, casas de modas, etc.).

Imaxe 4: Cuestionario do Patronato para determinar o estado da moralidade relativa á prostitución nas provincias españolas.

Nota. Adaptado de Prieto, L. (2006). La prostitución en andalucía en el primer franquismo. *Baetica. Estudios de Arte, Geografía e Historia*, 28, 666–687.

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2242551>